

## *HUMOR LÍQUIDO, O CASO GALEGO, Xaquín Marín.*

Fixádevos se é importante a palabra "humor" que vén do grego e, como todos sabedes, define en principio os líquidos que segundo os antigos anatomistas circulaban polo corpo humano para logo definiren non só estes senón todos os líquidos que se poidan imaxinar, e isto pode soar a herexía ao dicilo nun Congreso onde ós oíntes se lles pode supor uns niveis de humores a proba de anatomistas.

Galicia é un pequeno grande país situado no noroeste da Península Ibérica, no extremo máis occidental de Europa, xustamente onde tropezan os ventos do Océano Atlántico cos do Mar Cantábrico, con dicirvos que está nunha latitude norte entre os 41 graos, 48 minutos, 58 segundos e os 43 graos, 27 minutos e 25 segundos, supoño que vos quedaredes como estabades, co pensamento de que queda moi pouco a man, que o marisco bo está en Madrid, que para coller peixes non cómpre mollarse, xa que coa tarxeta de débito se collen os mellores, que non hai AVE e que as autovías non as rematan nunca.

Un país con 3.000.000 de habitantes, agás nacementos e mortos de última hora aínda non comunicados a este relator, con 29.432 quilómetros cadrados, dos que hai que descontar a erosión dos mares e das chuvias, que convierten Galicia no país co índice de pluviosidade máis elevado do continente.

Un país rico e belo que vive pobrementemente, que tivo que ver como a metade dos seus fillos emigraban coa maleta chea de recordos, de paisaxes, de tradicións, de historia, de cultura popular, de humor...facendo -por exemplo-que a meirande concentración de galegos sexa Bos Aires (Arxentina) e supoño que no campo do Boca Junior, ao ver o partido contra o River Plate. Mentres, a outra metade sobrevivía traballando de sol a sol (cando non chovía) nos minifundios agrarios, na pesca e noutra sorte de labores a rematar.

Galicia, unha rocha arrodeada de mares, ríos, regatos, lagoas, fontes, encoros, rías, fervenzas...e bágoas. Agarrado a esa rocha, tres millóns de diminutos seres que resisten as cotadas do temporal co sorriso nos labios e quitándolle importancia.

*"Mexan por nós e temos que dicir que chove"*

*"Nunca choveu que non escampara"*

Unha abondosa exuberancia de líquido, de humor, que necesariamente contaxia á xente que a habita coa auga no pescozo.

Os galegos atacan usando o humor como arma defensiva, xa sabemos que enxeño, que non era humorista, dixo: "O enxeño humorístico non é máis que unha arma de defensa fronte a determinadas situación da vida moderna".

Pero tamén sabemos o que dixo un coñecido humorista que se dedicaba a adestrar equipos de fútbol, Helenio Herrera: "A mellor defensa é un bo ataque".

E esta defensa/ataque véñena practicando desde sempre para sobrevivir nun clima difícil e un PIB (Producto Interior Bruto) pouco propicio. Fano negando a realidade, dándolle voltas como os indios ás caravanas, para non tropezar de cheo con ela, á busca do pouco que bo teña..."Los gallegos ya se sabe, nunca se sabe" que dixo García Márquez.

Un filósofo dixo que en Galicia lle dás unha patada a unha pedra e, ademais de romper o zapato, ves como por baixo aniña unha tribo de humoristas.

¿Qué porcentaxe de galegos usa a cotío o humor?. Eu diría que a porcentaxe resultante de quitar da totalidade ós afectados pola contaminación humorística, e que nas novas xeracións pode chegar a ser moi alta.

Os galegos, pois, son humoristas e crean un humor distinto, un humor filosófico, realista, melancólico, tenro, cunha extraordinaria carga de ironía; un humor que formula preguntas que debe completar o receptor, un humor con retranca.

Retranca é a esaxeración da ironía, é negar o evidente, é o humorismo dos incultos, é darle a volta á realidade para sexa xustamente o contrario do que semella e se entenda o que é. ¡Un lío!. Que se ides algunha vez por Galicia -cousa que vos

recomendo- acabaredes por entender. De seguido aí vai un exemplo: unha señora na estación de autobuses pregúntalle ó funcionario:

- Por favor, ¿o coche que vai a Lugo?

O funcionario contesta moi amablemente,

- Aquel de enfronte

A señora vai xustamente ó lado contrario

- Señora, díxenlle o do outro lado
- Sí, pero é que eu vou a Ourense.

Hai aínda máis variantes na ironía galega: a sorna, que vén sendo a defensa menos grave; a rexouba, a burla máis festiva e máis aberta, e o trasacordo ou a segunda oportunidade (...)